

**LOIS PEÑA NOVO:**  
**OBRA COMPLETA**

**Edición ó coidado de**

Justo G. Beramendi e Manoel Roca Cendán

**Estudios Introdutorios**

Bernardo García Cendán • Justo G. Beramendi  
Manoel Roca Cendán • Ramón Villares Paz  
Alberte Martínez López

TOMO I

1995

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## ÍNDICE

### TOMO I

<i>Presentación</i> : Alfonso Baamonde García .....	9
<i>Limiar</i> : Darío Villanueva .....	11
<i>Introducción</i> : Justo G. Beramendi e Manoel Roca .....	17
<b>ESTUDIOS INTRODUCTORIOS</b> .....	21
<i>Lois Peña Novo: Unha biografía</i> : Bernardo García Cendán .....	23
<i>Política e Nacionalismo en Lois Peña Novo</i> : Justo G. Beramendi .....	41
<i>A economía galega na obra de Lois Peña Novo</i> : Manoel Roca Cendán .....	79
<i>Lois Peña Novo, analista da política internacional de entreguerras</i> : Ramón Villares Paz .....	97
<i>Agricultura e agrarismo no primeiro tercio do século XX</i> : Alberte Martínez López .....	115

### LOIS PEÑA NOVO OBRA COMPLETA

<b>ENSAIOS</b> (reproduccións facsimilares) .....	135
<i>El problema agrario y su resolución</i> (1918) .....	137
<i>La mancomunidad gallega</i> (1921) .....	155
<i>Conferencia en el día del ahorro</i> (1926) .....	305
<i>Nuevas orientaciones sociales</i> (1929) .....	331

### TOMO II

<b>ARTIGOS</b> .....	465
Índice de artigos .....	1097
<b>CORRESPONDENCIA E INÉDITOS</b> .....	1115
I. Cartas de Lois Peña Novo .....	1117
II. Cartas a Lois Peña Novo .....	1131
III. Inéditos .....	1155

- Henry Kissinger (1994), *Diplomacy*, Simon and Schuster, Londres
- Paul Kennedy (1994), *Auge y caída de las grandes potencias*, Plaza y Janés, Barcelona (Edic. orixinal, 1987)
- J. M. Keynes (1988), *Ensayos de persuasión*, Critica, Barcelona
- Ch. Maier (1989), *La refundación de la Europa burguesa. Estabilización en Francia, Alemania e Italia en la década posterior a la I Guerra Mundial*, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, Madrid (Edic. orixinal, 1975)
- Ch. Parker (1978), *El siglo XX. Europa, 1918-1945*, Col. "Historia Universal Siglo veintiuno", Madrid/México (Edic. orixinal, 1967)
- M. Roca Cendán (1982), *Lois Peña Novo. Biografía e escolma de textos*, Edicións do Castro, Sada
- E. Ucelay Da Cal (1994), *El fin del segundo milenio*, Col. "Historia Universal Planeta", Edit. Planeta, Barcelona.
- Lois Tobio (1994), *As Décadas de T.L.*, Edicións do Castro, Sada
- E. Weber (1994), *The hollow years*, Norton, N. York

### Agricultura e agrarismo na Galicia do primeiro tercio do século XX: actitudes e opinións de Lois Peña Novo<sup>1</sup>

Alberte Martínez López

#### INTRODUCCIÓN

A opinión dominante até hai uns poucos anos consideraba a agricultura galega anterior aos anos sesenta como unha actividade atrasada, caracterizada pola rutina técnica e o autoconsumo. Esta visión tópica, que conlevaba dun xeito implícito ou explícito unha valoración negativa do papel social do campesiñado como suxeto histórico, está sendo superada polas investigacións da última década que están poñendo de manifesto un comportamento dos nosos labregos moito máis dinámico do que se adoitaba aceptar.

Xa o propio Peña Novo tiña criticado certeramente no seu tempo o estereotipo dun labrego galego sumido no atraso e na ñorancia

"Se habla de la desconfianza y de la rutina de nuestros paisanos. Eso es faltar a la verdad y además es una ofensa a la admirable comprensión de la raza. No hay tipo humano que en esto supere al labrador gallego. Se le habló de seleccionar las razas y las seleccionó; se le habló del arado de vertedera y lo compró; de los abonos químicos y los aplicó; de sulfatar las viñas y las sulfató; de los prados de secano, y está transformando los cultivos. Cambió de cultivos, de simientes, de abonos, de aperos, es decir, lo cambió todo o casi todo. ¡Y todo en una sola generación!<sup>2</sup>

<sup>1</sup> Agradezo a Manuel Roca Cendán a cesión de varios artigos inéditos do autor. Algunhas das reseñas xornalísticas de Peña Novo que se citan neste traballo están extraídas de Manuel Roca, 1982.

<sup>2</sup> "Concursos de ganados", *El Pueblo Gallego* 14-VI-1929.

Os elementos máis decisivos do conxunto de transformacións que sofre a agricultura galega do primeiro terceiro de século son a consolidación da propiedade privada en mans campesiñas e a súa renovación productiva, marcada pola paulatina mercantilización da actividade agrícola. Analizaremos, pois, ao longo da exposición ditos procesos e o papel desempeñado nos mesmos polo Estado e a sociedade civil. Sinclaremos tamén brevemente as opinións e actitudes de Lois Peña Novo ao respecto.

O punto de partida e impulsor de todo o proceso vai ser a denominada crise agraria finisecular coas conseguíntes respostas adaptativas das diferentes economías agrarias europeas, entre elas a galega, fronte á crecente internacionalización dos mercados agrarios e a penetración do capitalismo no campo.

### A consolidación dun campesiñado propietario

Resulta xa un tópico referirse á problemática foral cando se fala da agricultura galega. Neste senso, quizá se lle ten cargado excesiva responsabilidade ao foro na explicación do relativo atraso de Galicia.

A pesar de carecer de datos cuantitativos, todo parece indicar que a presenza foral era maioritaria na nosa terra, en especial na parte sul e nas bisbaras máis atrasadas do interior. A resistencia labrega impediu en Galicia a súa proletarización, forzando a unha pervivencia anacrónica desta reliquia feudal. A situación de impasse comenará a crebarse precisamente a raíz da citada crise finisecular por dous motivos fundamentalmente. Por unha banda a caída dos prezos arrastrou o das rendas, facendo menos atractivo o foro como fonte de ingresos, ocasionando o que Villares (1982: 344) ten denominado a "derrota do rendista". En segundo termo, as graves dificultades as que se vía sometida á agricultura galega por mor da competencia ultramarina remarcaban a importancia de remover un dos atrancos para a consecución duns sistemas productivos máis eficientes: a estrutura da propiedade de raigame feudal representada polo foro.

Pero a sola coincidencia destes elementos favorábeis non tería sido suficiente para provocar a desaparición do sistema foral. Era necesario a existencia dun axente social articulado que presionase nesa liña. Velaí a virtualidade do movemento agrario que xermina a partir desas datas e que analizaremos de vagar algo máis adiante.

En realidade, na Galicia de principios de século existía un amplo consenso social acerca do anacronismo da institución foral así como da inviabilidade da reversión da propiedade plena ao dominio directo. O debate centrábase, xa que logo, nas fórmulas concretas de redención: capitalización das rendas, prazos, tipo de pago,

aporte estatal e labrego, etc, é dicir, como se ían repartir os custos da operación. De feito só unha pequena parte do agrarismo, e máis ben cun carácter retórico e de presión negociadora, avogaba, nos momentos de meirande tensión social, principalmente no trienio bolchevique, polo abolicionismo.

A opinión de Lois Peña Novo ao respecto<sup>3</sup> reflexa a ambigüedade manifestada polo galeguismo nestes momentos, habida conta do amplo abano ideolóxico que se acobillaba baixo o seu manto e os contrapostos intereses materiais existentes no seu seo. De feito, Peña Novo foi o inspirador dun dos principais documentos galeguistas sobre o foro. O noso autor consideraba que o foro non constituía, a esas alturas, un problema grave en Galicia. A formación agraria de raíz confesional aflora nel tanto nesa afirmación minusvaloradora do conflito existente como cando xulga como historicamente positivo dito contrato. Sen embargo, recoñece o seu carácter opresivo e antieconómico no momento en que escribe. Iso motívao a presentar unha proposta de redención foral, de tintes máis ben progresistas, polas súas condicións favorábeis ao foreiro. Lembremos ao respecto que os pais de Peña Novo eran caseiros.

Esta capacidade de presión labrega vai permitir que xa dende principios de século e varios anos antes pois da sanción legal de 1926 teñan lugar unha serie de acordos privados polos cales se transfire a propiedade plena aos detentadores do dominio útil. O proceso vai ser lento, pouco espectacular e escasamente coñecido en detalle, como tantos outros aspectos da historia de Galicia, dándose oficialmente por liquidado o foro en 1973.

Noutro eido onde se vai notar esta dinámica de propietarización será na apropiación individual do monte, soporte do sistema agrícola tradicional. En efecto, os intentos estatais pola municipalización dos montes comunais e o non recoñecemento legal desta forma de propiedade impulsarán aos labregos, como arma defensiva, a un apresamento individual ou a unha partición de ditos espazos (Balboa, 1990).

Esta individualización dos montes vai permitir a súa explotación máis intensiva, como toxeira para alimento pecuario e esterco, e como viveiro forestal, iniciándose un procedemento, individual e estatal, de repoboación mediante especies de medro rápido, ao calor do incremento das cotizacións da madeira dende fins do século pasado, proceso que se acentúa a partir dos anos vinte.

Con esta consolidación do labrego galego como propietario privado das terras afianzábase así a posibilidade dun modelo campesiño de revolución agrícola, a denominada vía francesa. Veremos máis adiante a súa actuación noutros eidos.

<sup>3</sup> "O problema dos foros", *A Nosa Terra* 15-XI-1919.

### A renovación productiva da agricultura galega

Este proceso de cambio resulta sumamente complexo en calquera sociedade e implica un conxunto de aspectos diferentes aínda que mutuamente condicionados e interrelacionados. Analizáremoslos por separado, por motivos expositivos, pero sen perder de vista a súa mutua interconexión, que é o que lles da sentido en última instancia.

#### As modificacións no uso do chan agrícola

Durante o primeiro tercio do século actual a dimensión do espazo cultivado en Galicia experimentou unha apreciábel redución, tanto pola notábel expansión da cabana gandeira como polo masivo éxodo rural (Villares, 1982: 362).

Esta redución da superficie cultivada viuse acompañada dunha reorientación da mesma, no senso dunha progresiva substitución das leguminosas e dos cereais polos cultivos destinados á alimentación da crecente cabana gandeira, obxecto dunha cada vez máis importante comercialización. Todo apunta, pois, a unha paulatina reconversión do sistema agrario galego en función da súa especialización no subsector pecuario.

Este proceso de modernización vese reflexado e acompañado dunha importante redución dos efectivos laborais humanos, aínda que manténdose en cifras elevadas.

#### A modernización tecnolóxica da agricultura galega

O proceso de difusión das novas tecnoloxías agrarias non resulta un fenómeno puramente mecánico, senón que se ve condicionado por unha serie de factores. Estes son principalmente de carácter xeográfico, demográfico, económico e sociocultural, aínda que se achan profundamente interrelacionados, de modo que resulta un tanto artificial afastalos. Porén, por motivos prácticos imos anaxializalos brevemente por separado.

Dende o punto de vista físico a excentricidade do país galego respecto ao marco estatal e europeo supuña un serio hándicap para a súa integración no mercado e o correspondente influxo das novas tendencias agronómicas. A súa estrutura ferroviaria foi tendida con retraso e graves deficiencias, denunciadas acremente por Peña Novo<sup>4</sup>. Pero a pesar das súas limitacións supuxo o pistoalzo

<sup>4</sup> "Los ferrocarriles gallegos", *El Pueblo Gallego* 19-VI-1925.

para a progresiva integración da economía galega nos circuítos mercantís españois, redefinindo a orientación productiva de miles de explotacións familiares agrarias. Este proceso viuse reforzado pola existencia, en contrapartida, dunha rede de carreteras bastante mesta, cunha densidade superior á media estatal. A por veces tónica orografía, así como o predominio da pequena, atomizada e polivante explotación agraria, dificultaban, asimesmo, a especialización productiva e o emprego de maquinaria.

Polo que respecta aos condicionantes demográficos cabe sinalar que o predominio de explotacións familiares e a elevada poboación rural, tanto en termos absolutos como relativos, non supuña certamente un estímulo para a introducción de tecnoloxías aforradoras de man de obra, factor abondoso en Galicia e sobre o que se cimentara secularmente o medro da súa produción agraria.

Non obstante, a baixa produtividade laboral, xunto coas esixencias que marcaba a crecente integración da agricultura galega nos circuítos comerciais, ademais da atracción dos países ultramarinos, conlevou un proceso de intenso despoboamento rural, producíndose por primeira vez no campo galego un descenso absoluto dos activos agrarios. De todos modos, este proceso de sangría rural non foi todo o acentuado e rápido que os tecnócratas apóstoles da modernización preconizarían.

Polo que atinxe aos condicionantes económicos, hai que facer referencia aos baixos niveis de capitalización das explotacións galegas así como ás fortes limitacións do crédito agrícola<sup>5</sup>, que eivaban a inversión productiva, sen esquecer a inseguridade na inversión e o custo de oportunidade laboral nulo.

Finalmente, compre non marxinar elementos socioculturais, como o peso da tradición e o custo do risco, o predominio do prestixio social baseado na propiedade máis que na produtividade, a importancia da opinión allea, etc (Iturra, 1988).

Dende principios de século os sectores urbanos galegos máis clarividentes comencan a impulsar a transformación das estruturas agrarias do país, conscientes de que o atraso do campo bloqueaba as posibilidades de medro económico urbano, en especial despois da perda das últimas colonias, importante mercado sobre todo para a burguesía coruñesa. Iso explica, en parte, a extracción urbana de moitos dirixentes do movemento agrario galego e da súa promoción dun modelo sindical

<sup>5</sup> Precisamente a esta problemática lle adicará Peña Novo o groso do seu libro *Nuevas orientaciones sociales*. Na súa opinión, as principais cualidades que debería reunir o crédito agrícola eran baixo interese, longo prazo e amortizacións parciais, ter como garantía non a terra (que perxudicaría aos arrendatarios e á maioría dos propietarios que non tiñan inscritas as súas fincas no Rexistro da Propiedade), senón os froitos delas e a solvencia persoal, o cal levaría á súa ubicación local. Baixo este prisma crítica as limitacións da banca privada, cooperativa e estatal, propoñendo como alternativa as Caixas de Aforro Municipais.

profesionalizado. O carácter estratéxico e complementario da relación campo-cidade xa foi salientado por Peña Novo

“...nuestras ciudades han de ser un producto o, por lo menos un reflejo de esa riqueza (agropecuaria), cuya expansión y desarrollo determinará el progreso de nuestras ciudades como dos fenómenos sincrónicos...Este divorcio entre la ciudad y el campo gallego es una de las causas de nuestro atraso económico y político”.<sup>6</sup>

Dous van ser os campos principais onde se amose a renovación tecnolóxica da agricultura galega: a mecanización e o abonado.

### A mecanización agrícola

Distintas informacións agronómicas coincidían en que a fins da pasada centuria aínda non se tiña introducido en Galicia practicamente ningún trebello agrícola minimamente moderno como arados de vertedeira ou trilladoras.

Tomando como referencia as importacións e as vendas de maquinaria agrícola en Galicia podemos sinalar o seguinte (Fernández, 1992: 330-335, Martínez, 1989: 202-205). En xeral as cifras, tanto en valores absolutos como en comparación coa media española resultan modestas. Máis significativa, porén, resulta a tendencia, en xeral alcista. En efecto, nunha primeira fase que se prolonga até 1906 os valores son mínimos e se manteñen estancados. Entre 1907-1914 ten lugar un forte incremento que se corresponde con outros parámetros como a comercialización bovina ou a revitalización do agrarismo.

A primeira guerra mundial e inmediata posguerra xenera importantes problemas derivados dos atrancos que sofren as comunicacións exteriores e da elevada inflación. A partir de 1922 o proceso relánzase con maior intensidade en concordancia coa bonanza económica xeral e a máis favorábel relación de prezos, ademais do impulso aos envíos bovinos e ás actividades cooperativas. Finalmente, a depresión dos anos trinta fai descender sensibelmente o nivel de compras de maquinaria agrícola por parte dun campesiñado afectado pola depreciación dos seus produtos, en especial da carne, a súa maior dependencia dos mercados e os pagos da redención foral.

O punto de chegada nos anos trinta amósanos unha Galicia cun nivel de mecanización da súa agricultura bastante baixo, mesmo en comparación cunha España tamén escasamente mecanizada. En definitiva, a estrutura tecnolóxica do agro galego seguía sendo predominantemente de carácter tradicional e artesanal,

<sup>6</sup> “El nuevo partido agrario. El problema agrario y la ciudad”, *El Pueblo Gallego* 4-V-1924.

aínda que incipiente e crecentemente integrada nos circuitos das novas tecnoloxías instrumentais.

### O abonado

O sector de abonos segue unhas pautas de comportamento moi similares ás expresadas no caso da maquinaria agrícola (Fernández, 1992: 405, Martínez, 1989: 206). En efecto, a situación até principios deste século era de utilización practicamente exclusiva do abonado orgánico tradicional (esterco con palla e toxo, e pateixo a base de algas no litoral). Entre 1907-1913 ten lugar un importante medro, especialmente en termos relativos, das importacións de abonos, fenómeno que decae entre 1914-1920 polos problemas de comunicacións e económicos. Os anos vinte son testemuñas dun elevado incremento no consumo dos adubos químicos, proceso que se ralentiza no seguinte decenio polas dificultades inherentes á conxuntura. Esta evolución se acha, por outra banda e como cabería esperar, bastante estreitamente correlacionada coa marcha dos prezos dos adubos, véndose afectados estes ademais por un elevado grao de adulteración.

Hai que insistir tamén neste caso en que a pesar deste esforzo, que non cabe minusvalorar, o punto de chegada nos indica unha participación no consumo de abonos moi baixa respecto ao conxunto español, ademais de seguir predominando esmagadoramente o emprego do abono orgánico tradicional fronte aos novos tipos de fertilizantes químicos.

### A mercantilización da agricultura galega: a especialización bovina

Adquisición de maquinaria e de abonos constitúen, dende a demanda, unha parte dun proceso capital e máis amplo que afecta á agricultura galega: a súa crecente mercantilización. Dende o lado da oferta este crecente papel do mercado maniféstase especialmente na importancia que adquiren os envíos pecuarios.

Neste senso, asistimos a un dobre proceso de especialización. Por unha banda do conxunto da estrutura agraria galega que se centra no seu subsector pecuario e, por outra, este último tende a concentrar os seus efectivos nas especies máis rendábeis e mercantilizábeis, o bovino e o porcino. Estas son, de feito, as especies que máis medran, gañando cuota de participación no conxunto da cabana galega, aínda que ambas as dúas sofren tamén con maior intensidade o estancamento apreciado a partir de 1925 (Barreiro, 1990: 92).

Esta especialización gandeira vese acompañada, e explicada, por unha serie de melloras como a estabulación, o incremento da produción forraxeira ou a preocupación pola mellora xenética das razas.

A continuación centraremos no gando bovino, o de maior relevancia na cabana do país e o que protagonizou as expedicións cooperativistas.

Como amosan os censos pecuarios este tipo de res, despois dun lento medro no período intersecular, duplica os seus efectivos en só o decenio 1907-1917. Este enorme aumento ten moito que ver co incremento da demanda e a conseguinte elevación dos prezos durante a conflagración europea. A partir desa última data e até 1935 o censo bovino se mantén, con lixeiras oscilacións, probabelmente debido a unha excesiva comercialización que facía perigar a reprodución da cabana.

Máis significativo que a evolución da cabana vacuna resulta a da súa comercialización.

A comercialización de gando bovino galego coñece dúas etapas claramente diferenciadas. Os envíos ao mercado británico, directamente ou por vía Portugal, serán moi importantes entre 1860-1890. Este comercio, controlado por abastecedores ingleses, esmorecerá a raíz da competencia ultramarina e das esixencias en sanidade pecuaria (Carmona). O seu lugar será ocupado, con creces, polo mercado español, a raíz do tendido ferroviario, o incremento urbano e de renda e a orientación nacionalista do capitalismo español. Nesta fase as expedicións bovinas serán organizadas por intermediarios galegos, en forte competencia coas cooperativas labregas.

Para que nos deamos unha certa conta da importancia deste comercio digamos que as exportacións bovinas ao mercado español supuñan un promedio anual dunhas cento cincuenta mil reses, magnitude moi superior á alcanzada nos decenios anteriores polo comercio exterior, en torno ás trinta e cinco a corenta mil cabezas.

Galicia convírtese neses anos na despensa cárnica de España, suministrando en torno aos dous tercios do gando bovino sacrificado nos principais matadeiros, cunha tendencia a acentuar ese papel conforme avanza os anos. Unha vez máis Peña Novo defenderá dende a tribuna xornalística os intereses da gandería galega, ameazados, entre outros, polas tácticas monopolistas dos poderosos grupos de presión actuantes nos mercados urbanos españois e pola incompreensión das autoridades municipais e gubernamentais<sup>7</sup>.

Unha vez descritas nos seus aspectos máis xerais e importantes as transformacións acaecidas na agricultura galega do primeiro tercio deste século, imos proceder a analizar o papel desempeñado nese proceso polo Estado e a sociedade civil.

<sup>7</sup> "El problema de la carne en Madrid. Un grave perjuicio a la ganadería gallega", *El Pueblo Gallego* 15-11-1930.

## O papel do Estado nas transformacións agrarias

A pesar do axioma liberal non intervencionista o certo é que dende fins da pasada centuria o Estado nos países capitalistas avanzados intervéncada vez dunha maneira máis decidida para impulsar a economía. O comenzo desta actuación no eido agrícola que é o que agora nos ocupa está relacionado cos efectos da crise finisecular e reviste basicamente dúas modalidades. Por unha banda unhas medidas defensivas: directrices arancelarias de corte proteccionista e por outra actuacións de tipo positivo: creación de institucións oficiais encargadas da difusión no campo de formas de cultivo máis eficientes. Analizaremos ambos tipos de medidas por separado. Dende o punto de vista institucional cabe engadir a misión do Estado de facilitar o marco legal que permitise o acceso labrego á propiedade mediante o decreto de redención foral de 1926, aínda que o apoio financeiro público a este proceso resultou moi escaso.

### A política arancelaria

A política arancelaria como integrante da política económica responde naturalmente aos intereses de clase e territoriais que detentan o poder ou que teñen acceso ou posibilidades de presionar con éxito ás instancias gubernativas. En España é sabido como dende fins da pasada centuria se produce unha confluencia de intereses entre as burguesía catalana e vasca e os latifundistas meseteños en demanda de protección para os seus produtos básicos: textil, siderurxia e cereais. A falta de competitividade da economía española vai encamiñar a ésta progresivamente polo que Delgado ten denominado "vía nacionalista do capitalismo español", cifrando a súa supervivencia na reserva do mercado interior.

¿Qué repercusións ten todo isto para Galicia, e, en especial, para a súa agricultura? Non existen aínda estudos detallados e definitivos sobre o nivel relativo de protección de que gozaron os distintos sectores económicos, movéndose aínda moita da discusión en tomas apriorísticas de posición a prol do librecambismo ou do proteccionismo. Porén, semella que o elevado proteccionismo aos produtos citados perxudicaba aos labregos galegos principalmente pola súa crecente dependencia do millo para o alimento do gando nun momento, como acabamos de ver, de forte expansión da cabana, ademais de encarecer outros insumos como adubos e maquinaria. A maiores, produtos básicos da economía galega como a carne, as conservas ou a madeira tiñan un nivel inferior ou nulo de protección.

Esta sensación de "marxinación" dos intereses galegos na elaboración da política arancelaria concitou un crecente e elevado consenso social en torno a esta cuestión, até tal punto que igual que o redencionismo e o anticaciquismo chegou

a converterse case nun tópico a consecución dunha política arancelaria máis axeitada ás necesidades galegas.

Peña Novo, como tantos outros galeguistas (Beramendi, 1991: 922), ten denunciado acre e reiteradamente esa política arancelaria que consideraba lesiva para os intereses galegos e un dos seus principais problemas económicos.

“Galicia ten unha economía librecambista por natureza e na Hespaña total-as fontes de produción son protexidas ... menos as fontes da nosa produción; nós precisamos importar cereás, maquinaria, tecidos, carbón e casi non podemos importar nada d’eso pol-a escandalosa protección das tarifas aduaneiras. Esta protección arruinanos e desfai-nos por duas causas: porque impide-nos importar o que precisamos e porque a nosa riqueza ao ser perxudicada coa protección ás outras riquezas hespañolas, non é compensada con unha protección igual, pois nós temos conservas que non están protexidas contra as conservas extranxeiras; temos gadería, base da riqueza rural, e na Hespaña poden entrar libremente sin gravame algún as carnes extranxeiras; temos madeiras e non só se deixa importar a madeira extranxeira, sinon que se grava a exportación da madeira nosa para que teñamos que vendel-a de menosprecio ao resto da península.”<sup>8</sup>

A alternativa de Peña Novo fronte a esa política arancelaria discriminatoria para Galicia era radicalmente galeguista

“Galicia non poderá ter independencia económica mentras non conquira a súa soberanía política. Esto no caso presente quer dicir que o problema aduaneiro durará tanto como dure o réxime político vixente.”<sup>9</sup>

Por desgracia, a capacidade de presión nas altas instancias madrileñas dun campesiñado galego atomizado nas súas organizacións sindicais e enaxenado politicamente eran escasas e de aí o fracaso neste eido. En momentos máis ben serodios houbo intentos, que non acabaron de callar, de agrupar os intereses gandeiros da cornisa cantábrica co gallo de artellar un lobby capaz de enfrentarse ou contrarrestar as actuacións doutros grupos de presión con maior experiencia e forza. Peña Novo ten salientado e apoiado estas convocatorias dende á plataforma xornalística de *El Pueblo Gallego* onde colaboraba como redactor na sección “Opiniones”<sup>10</sup>.

#### As institucións agronómicas

Para un Estado pobre como o español resultaba máis barato elaborar medidas lexislativas como as de carácter arancelario, as cales a maiores supuñan unha fonte

<sup>8</sup> “O problema arancelario en Galicia”, *A Nosa Terra* 1-III-1922. Ver na mesma línea “Pleito viejo. Galicia y los trigueros”, *El Pueblo Gallego* 10-IV-1930.

<sup>9</sup> “A actualidade galega”, *A Nosa Terra* 15-II-1923.

<sup>10</sup> “La asamblea de Lugo”, *El Pueblo Gallego* 16-I-1929.

de ingresos que embarcarse no gasto que implicaba un compromiso máis directo co aparello productivo. No obstante, isto non significa que o Estado desatendese o fomento institucional da agricultura. Antes ben, Galicia tivo máis fortuna no fomento estatal da agricultura que nas directrices aduaneiras.

Superada a fase dos arbitristas e das Sociedades ilustradas que pretendían modernizar a agricultura galega apelando a unha inexistente ou desincentivada clase de propietarios cultos e innovadores, entra en liza o Estado. Este porá en marcha unha serie de Institucións de investigación e difusión, que tratará, con regular éxito, de aunar Ciencia con Agricultura, dirixíndose directamente aos labregos como único suxeito posíbel en Galicia de vehicular á desexábel reforma agrícola. E así como se crean unha serie de institucións que ten analizado certeramente Fernández Prieto (1992: 105-160): a Granxa Agrícola da Coruña (1888), a Misión Biolóxica de Galicia (1921) ou a Estación de Fitopatoloxía Agraria da Coruña (1925).

Estas entidades, a pesar de non dispor de moitos recursos, achábanse a un elevado nivel de competencia científica, perfectamente homologábeis co resto de Europa. Entre os seus principais logros cabe sinalar os seguintes: melloras gandeiras, perfeccionamentos nos cultivos, mecanización e fertilización, e, finalmente, capacitación profesional.

No subsector pecuario os esforzos centráronse nas dúas especies máis rendábeis dende o punto de vista comercial: a bovina e máis a porcina. A crecente demanda dos seus produtos, en especial da carne, estimulou a percura de exemplares máis especializados na produción cárnica, fronte ao poliuso tradicional. Este obxectivo buscouse, sobre todo, mediante o cruce con sementais (Simmenthal e Large-White, para as especies bovina e porcina, respectivamente), máis que por medio da selección xenética das propias razas autóctonas. Con esta finalidade creáronse un número elevado e crecente de paradas, tanto públicas como privadas ou cooperativas.

As melloras nos cultivos ían dirixidas á eliminación do barbeito e á especialización na obtención de plantas forraxeiras, habida conta da crecente “bovinización” da economía agrícola galega e das dificultades físicas e económicas da transformación do monte en pastizais. Nesta liña difundíronse plantas forraxeiras pouco empregadas como o trébol, alfalfa, etc, e tamén tivo unha especial incidencia a mellora xenética de diversas variedades de cultivos de elevada importancia económica, nalgún caso con carácter pioneiro, como o famoso millo híbrido de Cruz Gallástegui. Non cabe minusvalorar tampouco o labor despregado contra as pragas agrícolas, en especial pola Estación de Fitopatoloxía Agraria da Coruña.

Polo que atinxe á modernización técnica debemos salientar o “efecto demostración” dos seus campos de experimentación, que puñan en contacto directo



aos labregos coas últimas novidades do mercado, existindo a maiores un sistema de empréstito de maquinaria agrícola.

Por último, e en conexión con todo o anterior, estas entidades despregaron un importante labor de difusión entre o campesiñado desta serie de avances agropecuarios, mediante frecuentes campañas de propaganda oral e escrita (Cátedra Agrícola Ambulante, por exemplo), eficazmente secundadas polas sociedades agrarias nos seus actos e prensa, así como pola formación de técnicos intermedios nos seus propios centros.

Con todo, e a pesar dos indubidábeis logros, os condicionantes estruturais do seu receptáculo natural: a sociedade rural galaica, limitaron a súa virtualidade. Tampouco e de desprezar na valoración da súa posíbel efectividade real o choque cultural que supuña a distinta perspectiva existente entre o pensamento científico de orientación tecnocrática e o pensamento tradicional labrego, necesariamente máis apegado ás rutinas seguras.

Finalmente, tampouco hai que minusvalorar a procedencia foránea de moitos destes investigadores, o cal dificultaría o acceso aos seus destinatarios. Ese dobre condicionante: a orixe técnica e non galega de moitos dos especialistas agronómicos debeu, probablemente, incidir nunha meirande dificultade de achegamento ao mundo rural galaico. Porén, a popularidade de persoaxes como Rof Codina poñen de manifesto que esas limitacións de base non eran nin moito menos insalváveis.

De todos modos, a progresiva toma de conciencia por parte das instancias oficiais, e tamén de organizacións agrarias tecnócratas e paternalistas como as católicas, de que o cambio agrario debería ser impulsado e protagonizado polos propios labregos levou a unha certa reorientación das campañas propagandistas. Deste modo, optouse por un labor máis lento, pero máis eficaz a longo prazo, de formación de formadores, escolleitos entre os labregos máis dinámicos e novos, os cales deberían espallar a boa nova dos novos xeitos agrícolas entre os seus conveciños, única garantía de que a súa aplicación podería ter éxito.

A educación agrícola mereceu tamén a atención de Peña Novo. Consideraba que para ser máis eficaz debería impartirse xa dende o ensino primario, con mestres e programas axeitados á realidade rural galaica, puidendo servir como base ás escolas erixidas polos indianos.<sup>11</sup>

Como persoa de tendencias liberais e, sobre todo, galeguista a valoración global que efectúa Lois Peña Novo acerca do papel do Estado español como fomentador da agricultura galega é máis ben negativa. Xa acabamos de comprobar a súa oposición frontal á política arancelaria española. Na mesma tendencia de

<sup>11</sup> "Economía agraria: la enseñanza", *El Pueblo Gallego* 17-VI-1924.

defensa da libre competencia se inscribe a crítica ante a creación de organismos monopolistas no abasto de carnes ás grandes cidades como Madrid<sup>12</sup>. Tamén amosa un marcado escepticismo acerca da incidencia real da lexislación sobre o crédito agrícola<sup>13</sup> ou a eficiencia dos servicios oficiais de estatística agraria<sup>14</sup>, aínda que as críticas non se centren na súa procedencia estatal senón máis ben no seu carácter centralista e non axeitado á realidade galega.

### O protagonismo da sociedade civil: loita agraria e actividades cooperativistas

Os primeiros estudos acerca dos movementos agrarios en Galicia (Durán, 1977) centraban a súa visión na loita anticaciquil e antiforal, probablemente tanto polo momento en que se realizaron -anos da transición democrática- como polo período estudado -basicamente até 1912-. Porén, as investigacións realizadas na última década teñen feito aflorar unha veta senón totalmente descoñecida si certamente minusvalorada na actuación pública do campesiñado galego: a importancia dos obxectivos -e realizacións- de índole económica que guiaban a actuación das entidades agrarias de calquera signo ideolóxico.

Baixo este criterio dividiremos, grosso modo, a evolución dos movementos labregos en Galicia (Hervés, 1991) en dúas grandes etapas, segundo o tipo de reivindicacións e métodos de loita empregados. Unha primeira etapa dende fins do século pasado até 1918/1923, e outra dende estas datas até a guerra civil. A primeira caracterizaríase, simplificando, polo predominio de reivindicacións que cuestionaban a estrutura da propiedade e o poder local, amosando, xa que logo, unhas connotacións políticas explícitas. Os métodos de loita empregados serán bastante radicais (boicots, folgas, manifestacións, loita electoral), non deténdose ante as accións de carácter violento (incendios, enfrontamentos coas forzas de orde, etc). Do mesmo modo, a resposta institucional será tamén dura en ocasións provocando vítimas mortais e sementando o país dunha simboloxía martirolóxica (Nebra, Sofán, Guillarei), en especial nos últimos anos do período.

A partir dos anos oitenta do século XIX agroman unha serie de sociedades agrarias, fenómeno que Durán ten relacionado, baixo unha perspectiva unilateralmente sociopolítica, coa Lei de Asociacións de 1886 e a aprobación do sufraxio universal masculino en 1890, pero que tamén habería que conectar cos primeiros efectos da crise agraria finisecular.

<sup>12</sup> "El problema de la carne en Madrid. Un grave perjuicio a la ganadería gallega", *El Pueblo Gallego* 15-II-1930.

<sup>13</sup> "El crédito agrícola", *El Pueblo Gallego*, 8-III-1929.

<sup>14</sup> "La estadística agrícola", *El Pueblo Gallego* 13-VII-1929.

A compoñente política do agrarismo resulta innegábel, nun contexto como o da Restauración en que os partidos marxidados do bipartidismo turnante - republicanos, carlistas, socialistas, anarquistas- ou incluso fraccións do Partido Liberal, pretenden mobilizar ao seu favor a enorme potencialidade dos labregos. Sen embargo, o agrarismo é un fenómeno moito máis complexo que implica, asemade, a asunción por parte de grandes capas do campesiñado da necesidade de protagonizar os necesarios cambios económicos adaptativos fronte a un sistema capitalista que comenzaba a penetrar polas corredoiras.

A valoración do agrarismo galego que efectuaba Peña Novo<sup>15</sup> sinalaba como principais defectos a súa politización electoral e os seus plantexamentos excesivamente teóricos e ambiciosos, suxerindo a necesidade de centrar os esforzos en aspectos concretos e máis limitados. Apuntaba como problemas básicos do momento o fomento da cooperación e do crédito agrícola, así como a defensa dos intereses pecuarios. Os seguintes párrafos ilustran esta visión

"En resumen, una labor esencialmente económica y cooperadora; ninguna actividad política. Ninguna actividad política, lo que da por resultado la realización de la política más eficaz, fecunda y duradera; la política de redimir la economía del campesino, otorgándole así una independencia sin la cual siempre tienen que resultar fracasados todos los intentos depuradores de la administración y gobierno públicos, porque por encima de los afanes ideológicos o sentimentales se hallan las supremas necesidades de la vida que esclavizan las voluntades y marchitan los propósitos."<sup>16</sup>

Esta opinión do noso autor contraria á politización das sociedades agrarias<sup>17</sup> cremos que ten unha dobre matriz ideolóxica. En primeiro lugar a de orixe socialcatólica, crisol inicial da súa formación. A actitude católica, visceralmente contraria ás actividades políticas dos sindicatos agrícolas, aínda que máis ben con carácter formal, buscaba aglutinar a todos os labregos baixo o manto común da relixión, obviando así as diferencias sociais e ideolóxicas en aras duns superiores intereses da "clase agrícola". O seu retórico anticaciquismo empregaba asemade o método de loita non do enfrentamento electoral ou violento senón á procura da independencia labrega, ou máis ben da tutela clerical, mediante as actividades cooperativistas. De aí a promoción dun sindicalismo apolítico e profesional, aínda que na práctica a súa conexión cos partidos máis reaccionarios de ámbito español fose unha evidencia.

<sup>15</sup> "El Congreso Agrario de Pontevedra", *El Pueblo Gallego* 1-I-1929.

<sup>16</sup> "Actividad Agraria. La Federación de Ortigueira", *El Pueblo Gallego* 12-III-1929.

<sup>17</sup> Porén, detéctanse liñas de fuga neste apoliticismo como a que ten lugar en 1924 en que se discutía a posibilidade de crear un partido agrario, que naturalmente debería ter unha compoñente política, e cuxas orientacións de actuación apunta Peña Novo no seu artigo "Esquema de un estudio del problema agrario", *El Pueblo Gallego* 20-V-1924.

A outra fonte, e máis importante, inspiradora da visión de Peña Novo ao respecto, está constituída polo galeguismo. En efecto, esta corrente ideolóxica, coa súa visión interclasista e nacionalizadora da problemática galega trataba de potenciar a unidade dos labregos galegos, en canto tales, aparcando as súas diferencias sociais e políticas, neste caso non baixo o manto relixioso senón da supraunidade da patria galega. Para iso era necesario facer fincapé naqueles elementos que podían unir a todos ou, polo menos, á maioría dos labregos, é dicir, reivindicacións de índole aparentemente só económica pero que nalgúns casos (política arancelaria, de transportes) puñan de manifesto a contradición de intereses co resto do Estado.

As primeiras formas de autoorganización labrega van revestir as tradicionais fórmulas das sociedades de seguros mutuos do gando, poñendo en evidencia a importancia dos elementos económicos neste tipo de movemento social. Estas mutuas pecuarias están en conexión coa importancia crucial que tiña o gando, sobre todo o vacuno, na economía labrega. Constituía éste o seu "tesouro", a súa principal fonte de ingresos monetarios, cuxa comercialización, xa moi avanzada dende os envíos a Inglaterra de mediados de século, permitía o pago dos impostos e dos produtos non obtidos no marco familiar. Non hai que descartar, tampouco, no remozamento destas mutuas a grande difusión da parzaría gandeira e o conseguinte interese de parceiro e postor en asegurar as reses.

Durante as primeiras décadas de andaina do movemento, o agrarismo vai concentrar as súas forzas na loita contra o foro e o caciquismo, que se acabarán convertindo en reivindicacións xenéricas asumidas por caseque todo o espectro político.

Coa Lei de Sindicatos Agrícolas de 1906 prodúcese unha nova eclosión de sociedades agrarias, que estaría tamén relacionada co impulso renovador que amosa o elevado incremento no emprego de adubos e maquinaria agrícola que constatamos a partir desas datas. Moitas destas entidades eran promovidas pola Igrexa para frear ás consideradas como atentatorias da orde social. Galicia será o escenario de dúas grandes campañas de propaganda socialcatólica en 1915 e 1918.

Precisamente nestes ambientes tradicionalistas socialcatólicos transcurre o período formativo do xoven Lois Peña Novo, ao cal vemos intervir con só 19 anos nun mitin agrario ante os seus paisanos, acompañado pola plana maior do carlismo lucense e coruñés. Outra intervención destacada, xunto con Losada Diéguez, teraa en 1915 na campaña de propaganda levada a cabo polos dirixentes da Confederación Nacional Católico Agraria Monedero e Nevares por terras ourensáns, onde por primeira vez se dirixirá ao público en galego.

Peña Novo integrárase na segunda xeración de dirixentes católico-agrarios, caracterizados por ter nado no último cuarto do século pasado, ser homes de acción

e de procedencia mesocrática, avogados moitos deles, e accedendo moi novos ás élites católicas. Dentro deste grupo Peña Novo estaría adscrito á pola tradicionalista e galeguista.

A súa figura, xunto coa de Losada Diéguez por exemplo, resulta paradigmática respecto ás relacións entre galeguismo e catolicismo social (Martínez, 1989. 243-259). Conforme se acentúa o papel substantivo do nacionalismo no seu pensamento e actitude, así se irá afastando da acción sindical confesional, ou mellor dito, o catolicismo irá incrementando as súas críticas respecto á ideoloxía nacionalista asumida por él. Non obstante, a diferenza de Losada, Peña Novo irá axiña derivando, mantendo o seu galeguismo inicial, cara posicións liberais e progresistas, como se amosa nas súas militancias republicanas.

O inicio do divorcio entre o pensamento socialcatólico oficial e as tendencias galeguistas existentes no seu seo podémolo situar en torno a 1918. En efecto, nese ano clave, encuadrado no contexto dunha grave fractura da sociedade española, o catolicismo social desprega en Galicia unha abraiante ofensiva en dous frentes: o rexionalista para fixar un ideario rexionalista católico común fronte ás veleidades nacionalistas, e o máis importante, o agrario, cunha febril campaña de sindicación coa finalidade de frear a crecente radicalización do movemento agrarista e a penetración nel do socialismo. En Xullo dese ano o famoso diario católico madrileño *El Debate* organiza en Santiago unha Semana Rexionalista, na que participan dirixentes tradicionalistas e mauristas de todo o Estado, entre eles Peña Novo e Losada Diéguez. A radicalidade dos plantexamentos galeguistas destes últimos vai contrastar vivamente co resto dos oradores, que se manteñen en obsoletos esquemas dun Rexionalismo esclerotizado e ancilar respecto á Relixión. A partir dese momento desaparece, que saibamos, a colaboración activa de Peña Novo no movemento socialcatólico.

Como sinalábamnos antes, en torno a 1923 ábrese unha nova etapa na evolución do agrarismo galego. Este novo período viría caracterizado por unha reorientación do movemento cara obxectivos principalmente económicos, apoiándose na vía cooperativa. Tres son, ao noso xuício, os principais factores explicativos desta viraxe: a instauración da Dictadura de Primo de Rivera, a resolución legal do problema foral e as boas perspectivas económicas do período.

Aínda que tamén aquí resulte difícil avaliar numericamente a incidencia do agrarismo neste proceso de transformacións, a súa importancia é incuestionábel e mesmo determinante. En efecto, con todas as limitacións inherentes a este tipo de actuacións, hai que ter en conta a existencia ao longo de case toda a xeografía galega e durante todo o período analizado dunha mesta rede de entidades societarias variopintas en canto a súa matriz ideolóxica pero bastante unificadas verbo da súa praxe económica.

Pero, en concreto, ¿cáles eran os principais campos de actuación destas sociedades? Xa indicamos como o campesiño trataba de reconducir a imparábel penetración do capitalismo no agro, adaptándose ás novas condicións que marcaba o mercado. A súa crecente integración neste marco esixía un meirande protagonismo labrego para evitar unha total dependencia dos intermediarios na xestión dos inputs e outputs imprescindibles para a reprodución da pequena explotación familiar. Evidentemente iso era imposible actuando individualmente. Eis a aparición do cooperativismo como vía defensiva dun campesiño que demostrara a súa fortaleza consolidando o seu dominio sobre a terra.

En efecto, resulta sintomático que mentres nas primeiras décadas o énfase labrego se puña na redención foral, unha vez asegurada ésta os esforzos se canalicen, aínda que non desapareza á anterior problemática, cara á participación no control dos insumos e produtos agropecuarios, especialmente visíbel dende a primeira posguerra mundial.

Baixo este prisma hai que salientar a importancia das cooperativas na introducción de determinadas innovacións como o emprego de adubos minerais, maquinaria, selección xenética de plantas e animais, etc. Esta intervención cooperativa tiña unha dobre virtualidade. Por unha banda, ao impulsar dun xeito colectivo a introducción de determinadas modificacións no comportamento habitual labrego verbo da terra permitía reducir ás resistencias individuais, condicionadas pola seguridade e a opinión allea. Neste senso, tiña fundamental importancia a actitude dos líderes de opinión, como o párroco, mestre, propietarios máis acomodados ou veciños con maior ascendente.

Por outra parte, a canalización cooperativa das compras de insumos e da comercialización dos excedentes, permitía aumentar ao campesiñado, en forte competencia con toda caste de intermediarios e caciques, as súas marxes de beneficio e obter unha mellor posición no mercado.

Non sería lícito ao respecto obviar o papel de Peña Novo como asesor da Unión de Tratantes (de gando bovino) de Galicia durante a República, seguramente por mor das súas relacións profesionais cun dos seus mentores, José Fernández. Esta entidade representaba os intereses da burguesía intermediaria no lucrativo negocio da exportación de reses aos mercados españois. Das súas ringleiras saíran na posguerra algúns dos máis significativos impulsores de proxectos agroindustriais galegos, como José Fernández (Pescanova, Zeltia, Frigolouro) ou os Páramo (Mafriesa, Banco do Noroeste).

Ao longo de todo o período analizado os tratantes protagonizarán unha xorda pero intensa loita fronte as cooperativas agrícolas por manter as súas cuotas de mercado. Durante os anos trinta mesmo acusarán aos dirixentes socialcatólicos de implicacións en complots antirrepublicanos, alineándose ideoloxicamente os tratan-

tes cos sectores republicanos moderados, onde tamén militarán por eses anos Peña Novo. A evolución do noso autor semella pasar dun populismo tradicionalista na súa mocidade a un autonomismo republicano, progresista e burgués na súa madurez (ORGA, Unión Republicana). Nesta evolución do seu pensamento sitúase tamén o paso da súa inicial militancia nas ringleiras dos sindicatos agrícolas católicos á súa gabanza ao labor cooperativo da centrista e neutral en termos relixiosos Federación Agraria de Ortigueira (Rosende, 1988), tradicional e esterilmente enfrentada ás entidades confesionais da bisbarra<sup>18</sup>.

Unha vez que o movemento cooperativo foi adquirindo maior madurez os seus proxectos se tornaron tamén máis ambiciosos. Resultaba evidente para calquera observador a perda de valor engadido, ben a título social do campesiñado ben a nivel nacional galego, que supuña a comercialización dos produtos agropecuarios en bruto, sen apenas transformacións, en especial da carne e do leite. Esta constatación conlevou a que fose o movemento cooperativo quen tomase a iniciativa na posta en marcha das primeiras experiencias agroindustriais en Galicia. Entre elas tivo especial repercusión o matadeiro construído polos sindicatos confesionais en Porriño en 1928, ou a erección de varias fábricas de produtos lácteos, en especial na provincia coruñesa. Lamentablemente, a práctica totalidade destas iniciativas fracasaron por deficiencias de xestión e dificultades sobre todo nas canles de comercialización. Frente a esta vía cooperativa, nos anos trinta comenza a abrirse paso, timidamente aínda que con maior seguridade, a entrada no complexo agroindustrial de grupos empresariais, tanto autóctonos (Arjeriz) como transnacionais (Nestlé). O franquismo contemplará, e facilitará, o progresivo triunfo deste segundo modelo.

Peña Novo consideraba á agroindustria como un elemento básico para reter en Galicia o valor engadido da nosa produción agraria. Porén, era consciente das limitacións estruturais existentes para a súa difusión, optando pola vía cooperativista como a máis factíbel

"Pero estas industrias (pecuarias), por la necesidad de una exquisita elaboración, por tener que dar marcas y productos uniformes para la conquista de los mercados, por el costo de primer establecimiento y por la necesidad de una capacidad técnica y de organización, tienen que fracasar forzosamente si su explotación es familiar y ya casi nunca pueden establecerse por la reducida potencia financiera del labrador. Tampoco es atractiva su explotación por Sociedades mercantiles porque éstas no pueden tener la seguridad de encontrar suficiente materia prima que elaborar ni seguridad en el precio de su adquisición. En cambio por medio de cooperativas agrarias se reúnen fácilmente los capitales...habrá siempre materia prima...y no habrá temor a variación de precios".<sup>19</sup>

<sup>18</sup> "Actividad Agraria. La Federación de Ortigueira", *El Pueblo Gallego* 12-III-1929.

<sup>19</sup> "Presente y porvenir económico de Galicia", *El Pueblo Gallego* 1-I-1928.

## Conclusións

En definitiva, fronte á imaxe estereotipada dun campo galego sumido nun atraso secular, a evidencia empírica fainos constatar a existencia dun evidente dinamismo na sociedade rural galaica do primeiro tercio de século, sen caír tampouco na súa magnificación.

Ese maior dinamismo ven marcado pola crecente integración da agricultura galega nos circuítos mercantís de ámbito español. Isto tradúcese, dun xeito sintético, nunha crecente tendencia á especialización vacuna, que conleva a reorientación do todo o aparello productivo: tipos e sistemas de cultivo, emprego do monte, intensificación agropecuaria, etc.

Todo este proceso de penetración do capitalismo no campo resulta mediatizado por un campesiño, dotado dun elevada articulación, que lle permite adaptar e integrar sen excesivos traumas ditos cambios atendendo ás súas propias necesidades (VV.AA., 1991). Baixo este prisma enmárcase a consecución da plena propiedade sobre a terra e a privatización do monte.

A forte represión sobre o movemento agrario e os novos condicionantes sociopolíticos e económicos do réxime franquista conlevarán unha perda de protagonismo labrego e a súa paralela substitución por grupos empresariais privados, enriquecidos co comercio de gando.

Neste marco histórico a figura de Peña Novo preséntasenos como a dunha persoa comprometida co seu país e fondamente preocupado, dende unha óptica galeguista e progresista, non só polos problemas colectivos de supervivencia cultural e lingüística, senón tamén, e diríamos que prioritariamente, polos de índole económica, en especial os que afectaban ao mundo rural, entendido éste como base de calquera proxecto de desenvolvemento autóctono.

## Bibliografía básica

- BALBOA LOPEZ, X.L. (1990), *O monte en Galicia*. Xerais, Vigo.
- BARREIRO GIL, Manuel (1990), *Prosperidade e atraso en Galicia durante o primeiro tercio do século XX*. Xunta de Galicia, A Coruña.
- DURAN, José Antonio (1977), *Agrarismo y movilización campesina en el país gallego (1875-1912)*. S. XXI, Madrid.
- FERNANDEZ PRIETO, Lourenzo (1992), *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850-1939*. Xerais, Vigo.

- G. BERAMENDI, Xusto (1991), "El desarrollo del nacionalismo", en R. Villares, *Historia de Galicia*, Faro de Vigo, Vigo, fascículo 49.
- HERVES SAYAR, Enrique (1991), "El movimiento agrarista gallego, 1890-1936", en R. Villares, *Historia de Galicia*, Faro de Vigo, Vigo, fascículo 46.
- ITURRA, Raúl (1988), *Antropología económica de la Galicia rural*. Xunta de Galicia, Santiago.
- MARTINEZ LOPEZ, Alberte (1989), *O cooperativismo católico no proceso de modernización da agricultura galega, 1900-1943*. Deputación de Pontevedra, Vigo.
- PEÑA NOVO, Lois (1929 ?), *Nuevas orientaciones sociales*. El Pueblo Gallego, Vigo, s.d.
- ROCA CENDAN, Manuel (1982), *Lois Peña Novo. Vida e pensamento político e económico*. O Castro, Sada.
- ROSENDE FERNANDEZ, A.M. (1988), *O agrarismo na comarca do Ortegal, 1893-1936. A loita pola modernización da agricultura galega*. O Castro, Sada.
- VILLARES PAZ, Ramón (1982), *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*. S. XXI, Madrid.
- VV.AA. (1991), "Agricultura y capitalismo en Galicia: una perspectiva histórica", en P. Saavedra y R. Villares, *Señores y campesinos en la Península Ibérica, siglos XVIII-XX*. Crítica, Barcelona, pp. 345-372.

LOIS PEÑA NOVO

OBRA COMPLETA

ENSAIOS

(reproducciones facsimilares)